



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO PARA MELLORAR A CAPACITACIÓN E REINSERCIÓN DOS MOZOS E MOZAS NA ACTIVIDADE AGRARIA

En Santiago de Compostela, a 15 de novembro de 2018

REUNIDOS:

Dunha parte, Manuel Rodríguez Vázquez, director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (AGACAL), creada por Decreto 52/2018, do 5 de abril, (DOG núm. 102 do 30 de maio de 2018), polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos; actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural de Galicia, en virtude das atribucións que lle confire a orde do 17 de novembro de 2015 de delegación de competencias en diversos órganos desta consellería (DOG Núm. 223 Luns, 23 de novembro de 2015).

Doutra parte, D. Ramón Gómez Crespo, actuando en nome e representación da Fundación Monte do Gozo, na súa condición de secretario-xerente como se acredita na escritura de apoderamento do 28 de novembro de novembro de 2002, outorgada ante o notario Enrique Roger Amat, co número 4.934 do seu protocolo.

EXPOÑEN:

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura, gandería e pesca.

Así mesmo, en virtude do artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, correspóndelle á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamento forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Segundo. Entre as funcións da Consellería do Medio Rural, cabe destacar a programación e coordinación da formación agraria, así como, o fomento de accións que faciliten a transferencia e aplicación das novas tecnoloxías agrarias no sector para a súa mellora e modernización.





Terceiro. As producións hortícolas e outras alternativas agrarias están alcanzando altos niveis agronómicos, debido ás boas condicións climáticas e edafolóxicas de Galicia. Este bo comportamento da produción hortícola e florícola pode converterse en elemento básico para fixar poboación e emprego no medio rural. Xa que logo, a Consellería do Medio Rural considera de interese a realización dos campos de ensaio e demostración, que acheguen datos importantes sobre o comportamento destes cultivos nas distintas zonas da nosa xeografía e que sirvan de base para apoiar a mellora dos sistemas produtivos no sector hortícola e incrementar a eficiencia das explotacións nese sector.

Cuarto. A Fundación Monte do Gozo ten como obxectivo básico a atención á mocidade marxinada, promovendo para isto o desenvolvemento de toda clase de actividades que contribúan á mellor defensa e protección dos beneficiarios dela. En consecuencia, a Fundación Monte do Gozo está interesada en formar os mozos e mozas beneficiarios en materias vinculadas á actividade agraria e de silvicultura, en especial, naquelas que, a súa potencialidade supoña unha alternativa con proxección cara ao emprego rural.

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. Neste caso, as razóns ás que alude a devandita disposición normativa enténdense acreditadas por tratarse dunha fundación sen ánimo de lucro que ten sen dúbida como finalidade unha actividade de interese social e humanitario. Neste mesmo senso, é importante indicar que a Fundación Monte do Gozo, promotora do programa educativo-terapéutico *Proxecto Home Galicia* que é un programa educativo-terapéutico que se propón promover o desenvolvemento e maduración do individuo para que acade ou recupere a súa plenitude e sexa protagonista da súa propia vida. Na actualidade a Fundación Monte do Gozo atende diariamente unha media de 500 mozos e mozas e xa son 2.607 as altas terapéuticas que finalizaron totalmente o seu proceso de rehabilitación e reinserción social e é o organismo máis representativo no seu labor de desenvolvemento de programas de rehabilitación e reinserción social na Comunidade Autónoma de Galicia polo que se entende acreditado ou xustificado a sinatura do presente convenio.

Por todo o exposto non é posible promover a concorrència pública, de acordo co establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e o artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, transparencia e bo goberno.

Quinto. A Fundación Monte do Gozo ten unha ampla experiencia no desenvolvemento de campos de ensaio e demostración, así como no seu control técnico, o que permite obter resultados e datos de gran valor orientativo para os horticultores. Estes ensaios están incrementándose ano tras ano, así como as actividades formativas en materia agraria.

Por todo o anteriormente exposto e en virtude dos obxectivos comúns perseguidos formalízase o presente convenio de colaboración coas seguintes




CLÁUSULAS:

Primeira. É obxecto deste convenio de colaboración regular as condicións de cooperación entre a Consellería do Medio Rural e a Fundación Monte do Gozo co fin de atinxir unha mellor capacitación dos mozos e mozas para fomentar a súa reinserción na actividade agrícola, en particular proporcionándolle unha formación agrícola específica e especialmente deseñada para este colectivo, mellorando a xestión e control técnico-administrativo nos campos de ensaio e demostración de hortofloricultura e outras actividades alternativas do sector agroforestal.

Segunda. A Fundación Monte do Gozo porá a disposición da Consellería do Medio Rural durante o ano 2018 a explotación agraria e responsabilízase da realización dos campos de ensaio e demostración de cultivos hortícolas nunha superficie de 2.000 m² baixo abrigo e 8.600 m² ao aire libre.

O convenio comprenderá o seguinte Plan de actividades:

- O lugar de realización das diferentes actuacións será nas instalacións da comunidade terapéutica do Proxecto Home Galicia, situada no lugar de As Cernadas - Portomouro, concello de Val do Dubra.
- Os destinatarios deste Plan serán os mozos e mozas, ex-toxicómanos que están realizando o seu proceso de rehabilitación e reinserción social no Proxecto Home Galicia, con serias carencias e obstáculos en materia de integración social e inserción ou reinserción socio-laboral.
Debido a que o consumo de drogas non afecta a tódolos individuos por igual, o proceso de selección de participantes farase de xeito individualizado, e prevalecerá a consideración das necesidades persoais e potencialidades de cada persoa, o seu entorno familiar, social e laboral respectivo.
- Metodoloxía: O programa desenvolverase alternando contidos teóricos e prácticos ao longo da duración do mesmo. Continuándose, á vez, a traballar cos mozos e mozas no seu proceso de reinserción social por medio dun soporte terapéutico.
A metodoloxía empregada tratará de incorporar á poboación toxicómana de baixos niveis de formación ao mercado laboral, potenciando as súas capacidades persoais e competencias profesionais.
Tamén se trata de facilitar unha formación que permita acadar un grado de autonomía que lles facilite a inserción laboral no sector agroforestal, similar á dos demais profesionais.
- Actividades:
 - Cursos de formación como:
 - Horta ecolóxica.
 - Xardinaría.
 - Cultivos intensivos de baixo abrigo.
 - Instalacións para o cultivo de horta e técnicas de rego...
 - Establecemento de campos de ensaio e demostración de horticultura intensiva e extensiva, introducindo novos cultivos hortícolas e ornamentais e aplicar novas tecnoloxías que sirvan para o aprendizaxe dos alumnos do Centro Terapéutico.





- Eliminación de restos orgánicos, mediante compostaxe.
- Disposición dunha zona da finca para levar a cabo demostracións de método e de resultados sobre os labores propios dos cultivos incluídos nos campos.

- **Persoal:** Por parte da Fundación asignarase persoal de campo que axude nas tarefas auxiliares e de apoio que resulten necesarias para o desenvolvemento das actividades. A Consellería do Medio Rural prestará apoio nas tarefas de carácter técnico.

Terceira. A Consellería do Medio Rural prestará apoio técnico e formativo en materias propias das experiencias obxecto deste convenio. A estes efectos, aportará o persoal técnico necesario para realizar as seguintes actuacións: impartición dos diferentes cursos que se van realizar así como a posta en marcha, seguimento e supervisión dos campos de ensaio e a realización das accións de demostración e tarefas de compostaxe que se van realizar na finca destinada ao efecto pola Fundación.

Cuarta. A Consellería do Medio Rural comprométese a subvencionar actividades obxecto do presente convenio na contía global de vinte e sete mil setecentos sesenta e seis euros (27.766,00 €) que se tramitarán con cargo á aplicación orzamentaria 2018.13.02.422M.481.1, código de proxecto 2011-00736 e cunha previsión de gastos a realizar co seguinte desglose:

- Gastos de persoal: 15.763,28€
- Mantemento de equipamentos: 3.902,42€
- Subministracións: 8.100,3€

Quinta. A duración do presente Convenio, que entrará en vigor na data da súa sinatura e extenderá os seus efectos dende o 1 de xaneiro, rematará coa finalización das accións obxecto del, a máis tardar o 30 de novembro de 2018 e poderase denunciar pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

O presente convenio tamén poderá rematar cando así o acorden as partes por mutuo acordo.

Sexta. Con respecto aos pagamentos derivados deste convenio, poderanse efectuar pagamentos parciais ata o 80% da subvención concedida a medida que a Fundación xustifique perante a Consellería ou departamento dela que indique a tal obxecto, os gastos efectuados e a conta da liquidación final. Para a xustificación dos gastos deberá presentar certificación, expedida polo secretario da Fundación co visto e prace do seu presidente, acompañada das facturas xustificativas dos gastos realizados e xustificantes acreditativos do seu pagamento.

A cantidade restante aboarase unha vez rematadas as actividades e recibida certificación, expedida polo secretario co visto e prace do seu presidente, na que se relacionarán os gastos que constitúen, o seu importe total e xustificación documental.



Os libramentos que se efectúen deberán ser xustificados antes do 30 de novembro da respectiva anualidade.

Ao remate das accións obxecto do convenio, e en todo caso, non máis alá do 30 de novembro, a Fundación Monte do Gozo deberá presentar unha Memoria final que recolla un relatorio de tódalas actuacións desenvolvidas no marco deste convenio, facendo referencia expresa aos resultados obtidos así como aos datos relativos á inserción laboral das persoas participantes dos que se dispoñan nese momento.

A Consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación dos gastos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2018.

Sétima.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos casos previstos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Esta axuda é incompatible coa obtención doutras para a mesma finalidade. A Fundación deberá comunicar á Consellería do Medio Rural a obtención de subvencións ou de axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público, de conformidade coa normativa vixente ao respecto.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras axudas e subvencións por outras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación do convenio.

Novena.- A Fundación Monte do Gozo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A Fundación Monte do Gozo deberá seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente o Regulamento (UE) 216/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Décima.- O beneficiario deberá cumprir as obrigas establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo primeira.- As partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.





Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentemento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Décimo segunda.- Nomearase unha comisión de seguimento do presente convenio, composta por dous representantes da Consellería, designados por proposta da Secretaría Xeral Técnica de Medio Rural, e dous representantes da Fundación Monte do Gozo, que levarán a cabo a coordinación e supervisión técnica das accións previstas no convenio, así como resolver toda continxencia que puidera xurdir no desenvolvemento do convenio.

Décimo terceira.- O presente convenio ten natureza administrativa, e corresponderá aos órganos da Xunta de Galicia resolver as dúbidas da súa interpretación e que non teñan sido resoltas pola comisión de seguimento. O coñecemento dos litixios que del se poidan derivar correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- O presente convenio de colaboración rexerase polo establecido nas súas cláusulas, e no seu defecto pola normativa xeral en materia de subvencións e axudas públicas recollida na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento.

Así o acordan e en proba de conformidade asinan por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural



Manuel Rodríguez Vázquez

Pola Fundación Monte do Gozo

Ramón Gómez Crespo